

Núm. 130/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Adxudicación definitiva do contrato de obra “Mellora do alumado público en diversos lugares do municipio” (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 12 de abril de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, a obra “Mellora do alumado público en diversos lugares do municipio” á empresa “ELEKTRON INSTALACIONES E INGENIERÍA, SLU” polo prezo de 54.340,08 € e 8.694,41 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 13 de abril de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse á adxudicataria, requirindo presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 15 de abril de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 2.717,00 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

1º.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do “Mellora do alumado público en diversos lugares do municipio” aprobada por Resolución de Alcaldía de data 12 de abril de 2010.

2º.- Autorizar e dispoñe-lo gasto de 63.034,49 € con cargo ao Fondo estatal de investimento local e, en consecuencia, con cargo á partida 165.623 do orzamento do ano 2010.

3º.- Notificar a “ELEKTRON INSTALACIONES E INGENIERÍA, SLU”, adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 3 de maio de 2010.

4º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo de “Mellora do alumeadado público en diversos lugares do municipio” no Perfil de contratante.

5º.- A adxudicataria deberá comunicar o tamaño da empresa.

6º.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 27 de abril de 2010.

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,